

# A LOITA POLA PAZ NA GALIZA

A COORDENADORA GALEGA POLA PAZ, CONSTITUÍDA POR MÁIS DE 30 ORGANIZACIÓNS DA SOCIEDADE CIVIL GALEGA, ENTRE ELAS ADEGA, FIXO PÚBLICA A SUA OPOSICIÓN RADICAL A BARBARIE QUE SUPUNHA A INVASIÓN MILITAR DE IRAQUE E PROMOVEU AS MULTITUDINARIAS MOBILIZACIÓNS QUE TIVERON LUGAR EN GALIZA, AO IGUAL QUE NOUTRAS PARTES DO MUNDO, OS PASADOS DÍAS 15 DE FEBREIRO, 15 DE MARZO E 6 DE ABRIL, ASÍ COMO NUMEROSAS MOBILIZACIÓNS EN VILAS E CIDADES DE GALIZA CONVOCADAS POLAS DISTINTAS COORDENADORAS COMARCAIS.

En resposta á participación do Estado español na guerra, a Coordinadora Galega pola Paz deseñou as súas campañas baixo o lema "Non no noso nome, non co noso silencio" e baseouse nos seguintes argumentos contrarios á guerra, entre outros:

- ▶ É moralmente inadmisíbel e inxustificábel atacar militarmente a un pobo que vén sendo castigado brutalmente desde 1991, co obxecto de invadir o seu territorio, apoderarse das súas riquezas, e impoñer un goberno títere que garanta os intereses económicos e estratéxicos dos EE.UU. na rexión.
- ▶ As armas fixeron calar a posibilidade de desarme diplomático e pacífico do réxime tiránico de Saddam Hussein.
- ▶ Esta guerra vai contra as xustas demandas de paz da cidadanía mundial e pretende configurar as relacións internacionais primando o uso da forza e da violencia fronte ao dereito e a legalidade.
- ▶ A participación militar española promovida polo PP, con tropas e uso militar das bases, non pode disfrazarse de axuda humanitaria, e coloca ao goberno á marxe da legalidade internacional e nun claro enfrontamento coa sociedade.
- ▶ O pobo iraquí é a principal vítima inocente da invasión militar, con miles de mortos e feridos. As accións militares atentan contra as persoas, contra a súa vida, e contra a natureza: en Iraque, o chamado exército aliado está cometendo o maior atentado ecolóxico dos nosos días, contaminando a auga, o solo e o ar e destruindo os ecosistemas e as terras fértiles.
- ▶ O despilfarro económico, científico e humano dos recursos destinados á maquinaria da morte ofende a conciencia humana, sobre todo cando

sabemos que diariamente morren máis de 30.000 nenos e nenas de fame e malnutrición no mundo, sen que os países poderosos fagan nada ao respecto.

- ▶ Esta invasión ameaza a paz mundial e incrementará o odio e o resentimento contra a cultura occi-

dental, promovendo o fundamentalismo, xa que recolleamos o que sementamos.

- ▶ Non estamos máis seguras con esta guerra de ocupación: sentímonos máis desconfiados e tememos que a maquinaria invasora non se deteña, continuando sobre Siria e Irán.



Ransés Pérez



Ransés Pérez

Manifestación do 6 de abril en Compostela